


TOMÁS VEGA PATO

Naceu en Manzaneda (Ourense) en 1938.

Titulación: universitaria.

A súa investigación, no tempo que lle deixa libre o seu labor profesional, desenvólvese con prioridade no campo da etnografía, interesándose ademais pola heráldica. Tamén algunhas incursións na investigación arqueolóxica.



Enredos



TRADICIÓN

tradicionais.

A Parafusa e a Rinxela

Tomás Vega Pato

É o noso propósito desde hai anos, como con frecuencia vimos manifestando, a descrición pormenorizada e a divulgación dos **enredos** e **xogos tradicionais**

de Galicia, labor ó cal, se exceptuamos as maxistras aportacións do inesquecible mestre D. Xaquín Lorenzo, apenas se lle ten dedicado a atención que o asunto merece, xa que se ben é certo que existe un bo número de publicacións ó respecto, tamén é certo que parecen ter coma fin a exhaustividade –manifestada en longas e concisas relacións– que a descrición e o estudo en detalle dos mesmos.

Ás veces tivemos a dúbida de se deberíamos ocuparnos de tódolos que imos coñecendo, xa que algúns son moi comúns, pero despois de considera-lo decidímonos polo seu estudo e divulgación de xeito integral, xa que segun-

do cada zona, teñen, aínda que coa mesma función, non só as súas peculiaridades no que se refire á morfoloxía, dimensións ou materias, senón tamén á denominación, tanto global como dos distintos elementos que os compoñen, que adoita diferir, unhas veces de forma substancial e outras por variacións simplemente dialectais, o cal resulta enriquecedor como aportación a un mellor coñecemento da nosa lingua e a un máis rico vocabulario. ¹

É, ademais, a nosa intención –tamén nos temos manifestado sobre o particular noutras ocasións– establecer paralelismo con outras rexións ou países, cando se den, fuxindo dun posible etnocentrismo, xa que xogos e enredos que tivemos como autóctonos foron moi comúns alén das nosas fronteiras, é máis, cabe a posibilidade de que existan denominacións procedentes doutras nacións, introducidas por viaxeiros, soldados, peregrinos, etc. ²

1. Ó respecto, dado que os enredos aquí descritos pertencen a unha comarca concreta, ó final do traballo inclúese un vocabulario coas verbas de uso local, que no texto figuran entre comiñas.

2. Tal é o caso, por exemplo, do “conchipé”, xogo que coñecemos en Manzaneda –recollido tamén co nome de **cuchipé** no libro de Ricardo PÉREZ y VERDES e Xaquín Albert TABERNERO BALSÀ: *Xogos Populares en Galicia* [Santiago]: Xunta de Galicia, [D.L.] 1986; p. 390, que non é outro que o **cloche-pié** francés recollido por Jacques STELLA no seu libro *Les jeux et plaisirs de l'enfance* (Paris 1957), do cal nós utilizamos a versión castelá: Jacques STELLA: *Juegos y Pasatiempos de la Infancia* (Jóvenes Bibliófilos, 16). Barcelona: José J. Olañeta, 1990, p.p. 44-45, no cal as viñetas e pés das mesmas son facsímiles.

Quizais o noso proxecto de tratar en detalle os enredos, xogos, etc., encaixase mellor nunha monografía o cal posibilitaría unha necesaria clasificación, tanto por apartados coma por tipoloxías, funcións ou materiais e mesmo por idades dos usuarios ou practicantes, pero isto de momento non nos resulta asequible, o criterio seguido para o mecenado de publicacións tende máis a favorecer outros aspectos da investigación, de xeito que aínda a risco de repetirmos pola continua introducción de opinións e aclaracións nos necesarios preámbulos para cada traballo, teremos que aproveitar os diversos soportes que se nos ofrecen, coas súas limitacións, unhas veces de espacio e outras de difusión, para divulgar a nosa actividade, que aínda que poida semellar máis trivial que outras respecto da investigación antropolóxica, sabemos que interesa, que é ben acollida, e que se non ten maior dedicación é só pola laboriosidade que entraña. De calquer maneira, hoxe máis que nunca, temos a obriga de deixar constancia destes elementos da cultura popular pola rapidez coa que desaparecen, unhas veces por simple abandono da súa práctica e outras, no caso de aparellos, polo incontrolado afán de coleccionismo nunha sociedade onde xa nada frea os desexos insatisfeitos de posesión e exhibición de singularidades en perxuizo de museos, coleccións públicas, etc.

A descripción que faremos será por conseguinte detallada ata o punto de que, os enredos neste caso, poidan ser recreados por calquera con mínimo de interese e habilidade.

Os que aquí vamos a describir son dous: a **PARAFUSA** e a **RINXELA**.³ Ambos aproveitan principios físicos para con-


seguir mediante a multiplicación de un mínimo esforzo, o impulso ou reacción necesaria para determinados efectos. Para a súa descripción abundaremos nos detalles gráficos, sen descuidar a descripción escrita. Foron escollidos pola súa singularidade entre os que nos son coñecidos; o seu lugar de recollida foi a comarca Navea-Bibeí, territorio no que desenvolvemos con maior intensidade a nosa actividade investigadora por ser o noso lugar de orixe, o que fai que se dea a circunstancia de que os **enredos** que comentamos nos sexan coñecidos nos seus mínimos detalles, gozando dunha marcada habilidade para a súa construción.

A PARAFUSA

É un **enredo** sinxelo, aínda que con certa dificultade de construción, por laboriosa. Está formado por unha peza metálica, helicoidal, de sección rectangular; un tubo, “buxe”, que pode ser metálico ou de madeira, neste caso aprovéitase unha pola que teña “miolo”, e finalmente unha hélice que adoita ser de folla de lata, cando non de madeira lixeira. A función do enredo consiste en facer xirar no aire dita hélice, forzando a súa ascensión e xiro mediante un forte impulso ascendente imprimido ó buxe, realizado cunha man, mentras que co dedo índice da outra se suxeta con forza a peza helicoidal mediante o extremo enrolado disposto na mesma. A hélice leva na intersección dos seus eixos unha “fura” rectangular lixeiramente maior á sección da rampla helicoidal que é a que xera o xiro.

Para conseguir a peza helicoidal coa sección apropiada empregábase un anaco de aceiro cilíndrico ou arame moi

3. Intentamos buscar precedentes destes enredos en Galicia, pero nin nas pescudas nin na bibliografía disponible as atopamos. Do primeiro deles, a **parafusa**, si hai paralelismos en Galicia relativos á súa función pero non ós elementos que o compoñen. Donde si atopamos un enredo practicamente idéntico é na obra de Luis A. PAYNO: *Juguetes Infantiles* (Temas Didácticos de Cultura Tradicional, Nº 13) Valladolid: Diputación Valladolid, [D.L.] 1988; p.p. 23-24. Polo que respecta ó segundo, a **rinxela**, non nos foi posible atopar ningunha referencia nin paralelismo; intuimos unha mínima semellanza nun enxeño representado nunha lámina reproducida en PÉREZ y VERDES e TABERNERO Balsa, *op. cit.*, p. 20, tomado da *Enciclopedia Espasa* que figura na lámina co número 20 coa denominación de **Trompo bramador** dos iao. Aínda que función e efecto son notoriamente diferentes, o principio físico semella ser o mesmo.



A Parafusa
(Debuxo a tamaño real).

groso, o cal se machacaba, e logo se sometía a necesaria torsión ata darlle a forma adecuada. As veces aproveitábanse tiras de cinc, folla de lata, etc., aínda que en detrimento do bo funcionamento por falta da necesaria rixidez da peza fundamental no enxeño, do cal o espesor debería ser como mínimo dun milímetro.

Este **enredo** ⁴, por causas fáciles de deducir, non se prodigaba, sendo un tanto de privilexiados.

Polo que respecta o nome do mesmo cremos que non precisa maior aclaración que a que dimana da súa morfoloxía.


A RINXELA

É un **enredo** singular, moi enxeñoso ⁵, e non difícil de

construír polos materiais empregados na súa elaboración: dous “conchos”, un “choto” delgado e unha “baraza” ou “cordela”.

O funcionamento deste **enredo** baséase nun principio físico de acción-reacción, o cal faino sumamente entretido.


Os conchos elexidos deberán ser necesariamente grandes, e canto máis pesados mellor, a ambos practícanse dúas “furas” que atravesan as dúas mitades polo seu eixe menor perpendicularmente á xunta das mesmas. O concho inferior extráese as “galas” aproveitando as devanditas furas. Despois practícaselle outro pequeno orificio lateral. Polo contrario ó concho superior respétaselle o seu contido para, deste xeito, aproveitando o seu peso, lograr unha maior inercia que propicie o contraxiro como veremos máis adiante.



A Rinxela

4. Xa se deixou constancia dos paralelismos con este enredo na nota 3. Debemos aclarar, unha vez descrito en detalle, que as versións que do mesmo coñecemos en Galicia son menos laboriosas e artesanais, xa que aproveitan outros elementos de procedencia industrial tales coma carretes das bobinas de fio, canelos dos foguetes, puntas de ferro, etc. Todas estas versións prescindin do elemento helicoidal, sendo substituído por un eixe cilíndrico que xira dentro do carrete ou canelo, logrando a acción de xiro mediante unha baraza enrolada na peza externa.

5. Existe un exemplar construído por nós no Museo do Pobo Galego. Fixose a entrega ó Presidente do Patronato D. Xaquín Lorenzo Fernández. Mágoa que non figure o dato da comarca de procedencia na súa vitrina, e mesmo a data no que foi feito, ou recreado, xa que procede das mans dun adulto. No mesmo caso atópanse outras pezas da mesma procedencia.




A Rinxela
(Debuxo a tamaño real).

A continuación prepárase co choto xeralmente de madeira de castiñeiro, un eixe de sección cilíndrica duns 7 ou 8 milímetros de diámetro e unha lonxitude de 200-250 mm, destinado a recibirlos conchos. A derriba quedará fixa formando un todo solidario co eixe. Á súa vez ó eixe practí-

caráselle un pequeno orificio que se situará inmediato o interior da parte superior do segundo concho, o máis baixo. As furas practicadas a este concho serán lixeiramente superiores o diámetro do eixe para permiti-lo xiro dentro do mesmo.

Finalmente cóllese unha braza, dunha lonxitude non inferior a unha braza, pasando o extremo primeiro polo buraco pequeno do concho inferior facéndoo saír pola fura grande. Cóllese esta punta que sobresa e pásase polo orificio do eixe. Feito isto, practícaselle un nó grande para que quede suxeito. Logo “enzorrobíllase” a corda ó eixo, habendo situado previamente ambos conchos no mesmo; a primeira recoredemos que ha de quedar fixa. A operación realízase tensando lixeiramente a cordela, para o que se colle o concho inferior nunha man, mentres que coa outra se fai xira-lo conxunto **eixe-concho superior** e así vaíse envolvendo ata admitir unha lonxitude próxima a unha braza, incluído o necesario anaco exterior que se precisa para tirar de el.

Realizado todo o descrito o **enredo** está en condicións para començar a funcionar. Suxéitase cunha man polo concho inferior que xa terá a cordela envolvida (enzorrobillada), e dáse un tirón en seco, facendo saír case toda a cordela, pero tendo a precaución de deixar algunhas “voltas” enroladas, cedendo a tensión coa mesma rapidez coa



A Rinxela
(Debuxo a tamaño real).

Sobre o nome do **enredo** diremos que quizais derive do son -renxer- que produce ó xira-lo concho, habitualmente rugoso, sobre o outro.

Foi un enredo moi popular, pois non presentaba grandes complicacións de construción e o seu funcionamento non tiña outra conservación que o cambio frecuente da baraza xa que resultaba afectada pola fricción.

O seu funcionamento é moi semellante ó do popular **ioiío**.

que se iniciou e así comenza o proceso inverso propiciado pola inercia.

Explicada así a cousa parece complicada, sendo sen embargo fácil, xa que ós poucos intentos percíbese claramente o comenzo do efecto de retroacción e, sen soltar a baraza, acompáñase dito efecto ó tempo que se cede no efecto contrario. En canto se adquire algo de práctica nen sequera é preciso envolver a baraza, abonda con pór horizontal a rinxela e co simple xiro que se produce, moi breve, é suficiente para comenza-lo movemento.

VOCABULARIO

- Anga** Asa, agarradeiro
Baraza Cordel
Buxe Calquera tubo, aínda que normalmente de ferro, que serve coma rodamiento ou aloxamento dun cilindro, parafusa ou peza semellante destinada a xirar no seu interior.
Concheira Árbore froiteira (Jugans regia). Forma única de denominación local na comarca referida.
Concho Froito da concheira.
Cordela Baraza
Couchipé Xogo de infancia baseado en dar “choutos” –saltos– sobre un só pé ó son de certa canción.
Choto Pao pequeno, xeralmente dunha pola (vástago) do pé da árbore.
Enzorrobillar Envolver arredor dun obxecto.
Fura Furo
Gala Gallo do concho.
Miolo Parte blanda, comprensible, do tronco e polas de certos arbustos e árbores coma o sabugueiro e a figueira.
Volta Cada un dos tramos da baraza equivalente á circunferencia do cilindro, cando está envolvido.

